Pois, ao fin, non hai testemuño máis elocuente do amor de Deus que a Eucaristía, que, como presenza real aquí e agora, sostennos a todos, fieis laicos, consagrados e sacerdotes, no camiño da propia vocación.

c) A visita ao Santísimo

A concesión desta Indulxencia foi vinculada coa antiquísima tradición lucense de veneración da Eucaristía baixo a forma concreta dun «tempo adecuado» de adoración, no que se rece un Noso Pai e un Credo. Non podemos deixar de recoñecer niso a tradición da «visita ao Santísimo», desde sempre propia das nosas igrexas e moi especialmente da nosa Catedral.

Isto convidanos a todos a coidar o tesouro que o Señor quixo poñer nas nosas mans, como cidade e como Diocese do Sacramento. Niso in-

sistía profeticamente tamén S. Manuel González, o bispo dos Sagrarios abandonados, do Amor presente e non recoñecido.

Habemos de poñer os medios para que a visita ao Santísimo estea coidada do mellor modo posible na nosa Catedral, e sexa promovida de novo en todos os fieis. Non significará detrimento algún á devoción eucarística nas parroquias —que deben coidala así mesmo—, senón que servirá a que medre a comprensión da grandeza do tesouro que é a Santísima Eucaristía, da fondura de cuxa graza e misericordia fala elocuentemente tamén o don da Indulxencia plenaria.

Ao medrar así a adoración e a acción de grazas ao Señor Xesús pola súa obra de salvación, e nel ao Pai e ao Espírito, a piedade eucarística producirá froitos cotiáns na vida dos fieis, das nosas parroquias e da nosa sociedade, froitos de amor a Deus e de caridade fraterna.

En neste mesmo sentido, os sacerdotes están chamados a coidar con esmero a dignidade propia do Sagrario, da Presenza eucarística nos nosos templos, na Catedral en primeiro lugar, pero igualmente en igrexas parroquiais e capelas. Onde non poida recibir o Santísimo Sacramento un culto digno, aínda que sexa mínimo, debe retirarse.

***Dispoño**, pois, que alí onde pase máis dun domingo sen celebración da Santa Misa, e non se saiba con certeza que o Sagrario será coidado exteriormente e visitado dalgún modo durante ese tempo, o Santísimo Sacramento sexa recollido nos sagrarios doutros templos onde a celebración sexa máis frecuente, e, no posible, próximos e accesibles a todos os fieis.*

Conclusión: a gratuidade da Indulxencia

A concesión deste privilexio da indulxencia plenaria, cotiá e perpetua á nosa Catedral de Lugo tivo lugar nos últimos días do Ano Xubilar da Misericordia.

Esta indulxencia será sempre para nós, en primeiro lugar, unha *obra de misericordia*, na que resoan dalgún modo as obras corporais e espirituais da tradición católica: visitar ao enfermo, dar para comer ao famento, vestir ao espido —que analogamente se fai con quen busca indulxencia—,

ou, igualmente, perdoar ao que nos ofende, consolar ao triste, soportar con paciencia os defectos do próximo, rezar a Deus polos vivos e os defuntos, etc. A indulxencia plenaria é, en si mesma, misericordia; e achegarnos a posibilidade de acceder a ela na proximidade das nosas casas, en Lugo e en Galicia, en condicións adecuadas ás nosas forzas, calquera día e todos os días, é tamén unha misericordia grande.

En todo iso, no don desta «gran perdonanza» que se nos ofrece, brilla de modo singular e en especial *a gratuidade* profunda do amor. Non só porque nada fixemos que merecese esta indulxencia, senón ante todo porque se trata dun compartir —totalmente libre— o persoal, o máis vivo e próximo ao corazón, aquilo en que Deus mesmo descobre a beleza, o ben e a verdade da vida dos seus, ao que quere recoñecer verdadeiro merecemento mesmo ante El.

Neste compartir desinteresado móstrase a alma verdadeira do irmán e, por suposto, en primeiro lugar, de Cristo o noso Señor, que coa entrega de si mesmo, do seu Corpo e do seu Sangue, fixo xurdir esta «comuñón» de Deus e os homes, que atravesa os séculos e que chega hoxe a nós nesta indulxencia «lucense», facendo presente o mesmo Espírito dos inicios: *Non vos encerredeis nos vosos intereses, senón buscade todos o interese dos demais. Tede entre vós os sentimentos propios de Cristo Xesús. O cal, sendo de condición divina, ... desposuíuse a si mesmo ... humillouse a si mesmo feito obediente ata a morte e unha morte de cruz. Por iso Deus exaltouno sobre todo*⁵². Pois coñecedes a graza do noso Señor Xesucristo, o cal, sendo rico, fíxose pobre por vós, para enriquecervos coa súa *pobreza*⁵³.

Atoparse no don da indulxencia con este afecto extraordinario pola nosa persoa convídanos a un resposta sincera de fe, que recoñece e confía nun don tan verdadeiramente gratuito, en amor tan grande. Rénovase entón tamén a nosa percepción de Deus, do propio ser e do noso destino: existimos, somos, grazas a un afecto inexplicable, inquebrantable, que non desiste ante a nosa imperfección, os nosos pecados e ingratitudes.

52 Flp 2, 4-9

53 2Co 8, 9

A proposta da indulxencia, sinxela, adecuada á nosa natureza e integrada na nosa historia, revélase así como unha invitación moi real e concreta a acoller de corazón o Amor de Deus, que nos sostén e nos salva.

É un xesto de comunión e de graza, no que facemos experiencia do que significa a santidad cando é vivida humanamente, e no que a percibimos tamén como unha chamada para nós: chamada á beleza da gratuidade, á perfección na caridade, ao servizo ao irmán.

Por iso, a indulxencia é sempre tamén unha *porta aberta á esperanza*: Non só a de poder liberarnos do mal, grazas ao amor creador e redentor do Señor, e co alento, a intercesión e a axuda dos Santos, os nosos irmáns; senón tamén a de poder retomar de novo, con ollos e corazón limpos de pecado, o que facer da vida.

E confirmanos na maior e máis sólida das esperanzas, a de que existe quen me ama radicalmente e para sempre, que loita e sofre por impedir o meu fracaso definitivo, para axudarme a levar a vida á súa verdadeira meta, á plenitude desexada, no abrazo misericordioso que nos salva. E dá así razón definitiva da bondade de vivir, da existencia da miña persoa.

Os méritos e o amor maternal da Santísima Virxe María están sempre presentes no don da indulxencia, forman parte preciosísima do «tesouro» da Igrexa.

A ela invocamos como *vida, dozura, esperanza nosa*; a ela clamamos *os desterrados fillos de Eva*, é dicir, os pecadores que sufrimos polos camiños desta terra. A ela pedímoslle que sexa *avogada nosa* e que volva a nós *eses seus ollos misericordiosos*. Isto facemos tamén cando acudimos á Catedral de Santa María de Lugo en busca da indulxencia.

Porque nela, que deu a luz e levou nos seus brazos ao Neno Deus, que o acompañou no seu sacrificio por nós *neste val de bágoas*, o Señor deunos o signo máis resplandecente e o auxilio máis eminente para que podamos vivir na historia «a unión íntima con Deus e a unidade de todo o xénero humano»⁵⁴, que El trouxo a este mundo.

Que o amparo da Virxe María, *raíña e nai de misericordia*, nos axude a vivir a certeza de ser fillos e familia de Deus, a abrir os nosos corazóns á

largueza do perdón e da misericordia divina, á súa indulxencia que dura sempre e se nos ofrece plenamente cada día.

Pidámoslle sobre todo que, como Ela, tamén nós proclamemos a grandeza do Señor e nos alegremos en Deus o noso Salvador. Que saibamos darlle grazas ante todo polo seu Amor, máis consolador e máis valioso que «todas as riquezas da súa casa»⁵⁵; que podamos dicir co Salmista, despois de contemplar no santuario a forza e a gloria dos seus dons: *A túa graza vale máis que a vida, loarante os meus beizos*⁵⁶.

+ *Alfonso bispo de Lugo*

55 Cf.: *Quen quixese comprar o amor con todas as riquezas da súa casa, sería sumamente despreciable* (Cant 8, 7)

56 Sal 63, 4

CALENDARIO E HORARIOS DA VISITA PASTORAL NAVIA DE SUARNA 2016-2017

Mes de novembro

- Día 14: San Breixo de Vilaquinte, San Estevo de Vilapandín e San Pedro de Freixís
- Día 15: Santa Mariña de Vallo, Santa Eufemia de Folgueiras e Santa María de Son
- Día 17: Santiago de Penamil, Santa María de Pín e Nosa Señora do Pando de Donís
- Día 18: San Xosé de Muñís, Santa María de Rao, Santiago de Moia
- Día 19: Santiago de Queizán e Salvador de Mosteiro

Mes de decembro

- Día 1: Santa Mariña de Ribón, San Xoán de Sebane, Capela do Santo Cristo de Mera-Barcia e Capela de San Xoán de Abrente
- Día 2: San Miguel de Barcia, Capela de Santa Bárbara de Vilarguende, Santa María de Cabanela e Santa Baia de Quintá de Cancelada
- Día 4: Santiago de Galegos e clausura Visita Pastoral-Eucaristía en Santa María Madalena da Pobra de Navia

Mes de xaneiro

- Día 16: Visita Capelas
 - Capela de Marcelín
 - Capela da Virxe das Candeas de Molmeán
 - Capela de Nosa Señora das Neves de Signada
 - Capela de San Bartolo de Liñares

- Día 20: Visita Capelas
 - Capela de San Bartolomé de Robledo
 - Capela de San Antonio de Casas do Río
 - Capela de San Antonio de Vilagoncide
 - Capela de Santa María de Virigo
 - Capela de Santa María de Vilaverde
- Día 25: Visita Casa Reitoral de Santa María de Rao

DECRETO DE NOMBRAMIENTO DE ARCIPRESTES Y VICEARCIPRESTES EN DEZA Y MONFORTE

NOS, DR. D. ALFONSO CARRASCO ROUCO,
por la gracia de Dios y de la Sede Apostólica, Obispo de Lugo

Por las presentes y en uso de nuestra potestad ordinaria, una vez hecha la consulta preceptiva del can. 553 § 2 y del art. 3 del Estatuto-Directorio de Arciprestes, nombramos a los siguientes arciprestes y vicearciprestes para los nuevos arciprestazgos de Deza y Monforte:

1. Arciprestazgo de Deza:
Arcipreste: Rvdo. D. José Pérez Barreiro
Vicearcipreste: Rvdo. D. Emilio Alvito García Fente

2. Arciprestazgo de Monforte:
Arcipreste: Rvdo. D. Rafael Mella Vázquez
Vicearcipreste: Rvdo. D. Manuel Pérez García

Conforme al Decreto de Reorganización Arciprestal, de 27 de diciembre de 2016, son nombrados hasta que se complete el tiempo para la nueva elección del Colegio de Arciprestes (art. 21).

Dado en Lugo, Ciudad del Sacramento, a 01 de febrero de 2017.

Por mandato de S. E. Rvdma.
El Canciller-Secretario

SECRETARÍA GENERAL

NOMBRAMIENTOS

- 01/01/17 P. Gerardo Ibarra Rodríguez (OSB)
Párroco de Santa Xertrudis de Samos y San Martiño de Real
- 02/01/17 Dña. Mónica Yáñez Devesa
Secretaria General de Cáritas Diocesana
- 02/01/17 Dña. Paula Castro Ocampo
Administradora de Cáritas Diocesana
- 01/02/17 José Pérez Barreiro
Arcipreste de Deza
- 01/02/17 Emilio Alvito García Fente
Vicearcipreste de Deza
- 01/02/17 Rafael Mella Vázquez
Arcipreste de Monforte
- 01/02/17 Manuel Pérez García
Vicearcipreste de Monforte
- 05/02/17 Miguel Asorey Otero
Administrador Parroquial De Santiago de Arcos de Frades,
San Pedro de Carazo, Santa María de Cirio, Santa Marina de
Frialde, San Cosme de Gondel, Santa María de Luaces y San
Salvador de Mosteiro
- 05/02/17 José Luis González Regueiro
Administrador Parroquial de San Pedro de Anafreita,
Santa María de Anxeriz, San Martiño de Bra, San Xiao de

Carballo, Santa María de Carlín, San Xurxo de Lea, Santalla de Madelos, Santiago de Miraz, San Vincenzo das Negradas, San Mamede de Pedrafita, San Xiao de Roimil, San Paio de Seixón y Santiago de Trasmonte

- 05/02/17 Eduardo Funcasta Teijeiro
Sagrado Corazón de Xesús de Lugo
- 05/02/17 José Ramón Pena Taboada
Administrador Parroquial de San Xoán de Toiriz
- 05/02/17 Marcos Torres Gómez
Administrador Parroquial de Santa María das Dores de Lalín, San Miguel de Goiás, San Ramón de Veiga y Santa María de Xaxán
- 05/02/17 Carlos Brandido Gutiérrez
Adscrito a las parroquias de Santa María das Dores de Lalín y San Miguel de Goiás
- 05/02/17 Daniel Gil González
Adscrito a las parroquias Santa María das Dores de Lalín, San Miguel de Bendoiro, Santa María de Donramiro, Santa Baia de Donsión, San Miguel de Goiás, San Martiño de Prado, San Ramón de Veiga y Santa María de Xaxán
- 12/02/17 José Ramón Pérez García
Administrador Parroquial de San Martiño de Quiroga, San Clodio de Ribas de Sil, Santiago de Augas Mestas, Santa Mariña de Barxa de Lor, Santa María de Cereixido, San Lourenzo de Nocado, Nosa Sra. das Neves de Nogueira, San Marcos de Paradaseca, San Cristovo de Piñeira, Santa Lucía de Rairos, Santa María de Sequeiros, Santiago de Soutordei, Santa María de Torbeo y San Lourenzo de Vilarmel
- 12/02/17 Manuel Areán Fernández
Administrador Parroquial de Santa Mariña de Chantada y San Bartolomeu de Belesar

- 12/02/17 Alberto Riádigos García
Administrador Parroquial de Santo Estevo de Farnadeiros,
San Pedro de Farnadeiros, San Miguel de Lapío, Santa María
Madanela de Moscán y Santalla de Quinte
- 12/02/17 José Manuel Castro Alba
Administrador de Santiago de Sa
- 12/02/17 José Antonio Salgado Agromartín
Administrador parroquial de San Lázaro de A Ponte y
Santiago de Piugos
- 12/02/17 José Antonio Salgado Agromartín
Capellán de Polusa
- 26/03/17 Ramón Piñeiro Campos
Administrador Parroquial de Santa María de Amandi, Santa
Cruz de Brosmos, San Pedro de Bulso, San Xillao de Lobios,
San Vicenzo de Pinol y San Xurxo de Santiorxo
- 27/03/17 Alberto Riádigos García
Vicario Judicial Adjunto
- 27/03/17 Eduardo Funcasta Teijeiro
Juez Eclesiástico Diocesano
- 27/03/17 Jesús Vilar Vidal
Vicearcipreste de Chantada
- 01/04/17 Jorge Vázquez Freire
Administrador Parroquial de San Pedro de Armea, Santa
Marina de Galegos, Santalla de Lagos, San Salvador de Larín,
San Martiño de Río y Santiago de Souto

DEFUNCIONES

- 4/01/2017 Rvdo. D. Jesús Santiso Méndez
Sacerdote de Córneas, Freixo, Río
- 12/02/2017 Rvdo. D. Ramón Rodríguez Mondelo
Sacerdote de A Fonsagrada, Suarna, Fonfría
- 14/02/2017 Rvdo. D. Manuel Fuente Pérez
Jubilado
- 17/02/2017 Rvdo. D. Enrique Torreiro Mourón
Jubilado
- 24/03/2017 Rvdo. D. Ramiro González Vázquez
Jubilado
- 24/04/2017 Rvdo. D. José González Gandoy
Capellán Castrense jubilado

NECROLÓXICAS

RVDO. D. JESÚS SANTISO MÉNDEZ

Naceu na Parroquia de Santa María de Alvidrón (Antas de Ulla) o día 19 de setembro do ano 1935. Realizou os estudos de Latín e Humanidades no Seminario Diocesano de Lugo e foi ordenado presbítero o día 19 de agosto de 1962 polo entón Bispo da Diocese, Dr. D. Antonio Ona de Echave. No mesmo ano da súa ordenación sacerdotal é nomeado Coadxutor na Parroquia de San Xoán dos Baos (Ribeira de Piquín) onde exerceu o sacerdocio con gran dedicación, sinxeleza e humildade ata que, no ano 1965, o Bispo Dr. D. Antonio Ona noméao Ecónomo de San Pedro de Río (A Fonsagrada) e encargado de San Xulián de Freixo. En 1986, é destinado tamén, polo Bispo Fr. José Gómez, á Parroquia de Santiago de Corneas (Baleira). Desde o ano 1965 residiu na Casa Rectoral de San Pedro de Río onde falecía inesperadamente ao mediodía do día 4 de xaneiro.

«Un gran compañeiro», é a expresión que se escoitaba aos sacerdotes ante a noticia do seu falecemento. Asistía con gran asiduidade aos encontros de formación permanente, retiros, etc. na súa zona pastoral e aos exercicios espirituais e outros encontros de formación e convivencia que se organizan a nivel diocesano.

Sinxelo, humilde, cariñoso e moi querido por todos, recibe cristiá sepultura o día 7 de xaneiro ás 12.00 h, no templo parroquial de San Xoán de Antas de Ulla. Descanse en paz.

RVDO. D. RAMÓN RODRÍGUEZ MONDELO

Naceu o 12 de xuño de 1938. Recibiu o bautismo na parroquia de Santa María de Vilaster, Quiroga. Estudou no Seminario de Lugo e foi ordenado sacerdote polo Bispo Ona de Echave o 11 de agosto de 1963.

Tras dous anos como Coadxutor da parroquia de Santa María da Régoa, en Monforte, foi destinado á parroquia de San Martín de Suarna, na Fonsagrada.

A esta parroquia inicial iránselle engadindo as parroquias de Lamas de Campos, Fonfría, Monteseiro, Allonca, A Fonsagrada, Poboia de Burón, Padrón, Negueira de Muñiz, Ouviaño, Barcela, Ernes, Río de Porto e Cuiñas.

En 1990 foi nomeado arcipreste da zona.

A súa xenerosidade con todos, en especial cos pobres, son trazos do seu carácter e a súa maneira de ser que o fixeron un sacerdote moi querido e apreciado.

Mesmo co seu propio diñeiro arranxou igrexas con gusto e estilo. Foi o precursor da recuperación do Santuario de Nosa Señora da Veiga en Negueira de Muñiz.

Tamén destacan os seus espectaculares beléns en Nadal e os coidados monumentos en Semana Santa.

Gran impulsor do Camiño Primitivo, puxo en marcha, con moito esforzo, o primeiro albergue desta ruta na parroquia de O Padrón, prestando atención espiritual e material a todos os peregrinos.

Faleceu o 12 de febreiro de 2017. Descanse en paz.

RVDO. D. MANUEL FUENTE PÉREZ

Naceu na Parroquia de San Xoán de Sirgueiros, O Incio, o 25 marzo de 1924, no seo dunha familia cristiá da cal saíron dúas irmás relixiosas.

Foi ordenado Presbítero en Barcelona o 31 maio de 1956, con 36 compañeiros de Lugo, polo Bispo de Málaga, D. Ángel Herrera Oria, con motivo do XXXV Congreso Eucarístico Nacional

O 8 de agosto de 1952 foi nomeado Ecónomo de San Xoán de Botos e San Fiz da Xesta. Cinco anos máis tarde foi nomeado párroco do Salvador de Cervaña e San Miguel de Lamela. A súa vida pastoral estivo unido a esta zona, sendo nomeado por un breve período de tempo Administrador parroquial de San Fiz de Margaride en 1993. Xubilouse en 2007. Faleceu o 14 de febreiro de 2017. Descanse en paz.

RVDO D. ENRIQUE TORREIRO MOURÓN

Naceu na Parroquia de San Xoán de Furelos o 1 de maio de 1925.

Despois de realizar os seus estudos no Seminario de Lugo, foi ordenado Presbítero o día 2 de abril de 1949 por D. Rafael Balanzá y Navarro.

Ao pouco de ser ordenado, en 1950, foi nomeado Ecónomo de Santa María de Campos, no arceprelado de Abeancos.

En 1959 foi nomeado Coadxutor de Santiago de Castroverde. E catro anos despois, en 1963, Ecónomo de San Vicente de Toldaos, no concello de Láncara.

En 1971 pasa a ser Coadxutor na parroquia de Santa Mariña de Sarria, e aos dous anos encárganlle a maiores a parroquia de San Miguel de Piñeira, tamén en Sarria. Nestas dúas parroquias desenvolveu a súa actividade pastoral, simultaneándoa coa ensinanza no instituto de Secundaria tamén de Sarria, ata que se xubilou e regresou á súa terra natal, Melide.

Faleceu o 17 de febreiro de 2017. Descanse en paz.

RVDO. D. RAMIRO GONZÁLEZ VÁZQUEZ

D. Ramiro González Vázquez naceu o 17 de xaneiro de 1932 en Chorrente. Ordenouse sacerdote o 19 de decembro de 1959. Xa ese mesmo ano era ecónomo de Santa María de Vilarello de Cervantes. En 1963 é nomeado para San Martiño de Oleiros e o ano seguinte para San Pedro de Ronfe e San Salvador de Toirán. A partir de 1971 encargouse de Santa María de Vilaleo e San Xoán de Trasluste. E en 1983 de San Pedro de Bande.

Dedicou a súa vida aos demais e, vivindo el pobremente, sempre estivo cando o necesitaban. Fixo que a vida dos que o rodeaban fose máis feliz. O seu exemplo empuxaba a ser mellores.

Cada un dos que compartiron a vida con el recordarao dando catequese, ensinando a practicar deportes, xogar ao xadrez, facendo pistas, tamén de louseiro, carpinteiro, mecánico, albanel e condutor. Moita xente ten subido ao seu coche recibida co seu sorriso e amabilidade.

Desprendeuse do material e vestiuse de austeridade, xenerosidade, humildade e bondade, exercendo de cura como un verdadeiro home de Deus. Era un mestre pero sempre quixo ser discípulo.

A Palavra de Deus saía da súa boca chea de esperanza, realidade, compromiso e vida, notábase que a empuxaba un corazón grande e limpo.

Nos últimos tempos tivo que manter unha longa e dura loita contra a enfermidade, loita calada, sen queixas, sen molestar, tan agradecido sempre ao pouco que se lle ofrecía.

Descanse en paz.

RVDO. D. JOSÉ GONZÁLEZ GANDROY

O Rvdo. D. José González Gandoy, naceu na Parroquia de San Juan do Corgo do día 28 de xaneiro de 1931.

Realizou os estudos de Humanidades, Filosofía e Teoloxía no Seminario Diocesano de Lugo.

O día 11 de agosto de 1963 é ordenado presbítero en Lugo polo Dr. D. Antonio Ona de Echave. En 1963 é nomeado Ecónomo de Santa María de Torbeo en San Clodio de Ribas de Sil onde exerceu o sacerdocio con gran celo apostólico.

Con posterioridade, no ano 1966, solicita ingresar no corpo dos capeláns castrenses, previa autorización do Bispo da Diocese, Dr. D. Antonio Ona de Echave, onde exerceu, a partir de entón, de Capelán da Armada e da Mariña en distintos lugares de España e do mundo.

Sacerdote de sólida piedade e bo carácter, trala súa xubilación residiu coa súa familia e durante a súa longa enfermidade foi coidado no Hospital Policlínico Lucense.

Faleceu na paz de Deus o día 24 de abril do ano 2017. Descanse en paz.

O Sr. Bispo da Diocese presidiu o funeral polo seu eterno descanso na igrexa parroquial de San Xoán do Corgo, o día 25 de abril ás 18.00 horas.

APORTACIÓN DA DIOCESE PARA OBRAS EN IGREXAS E REITORAIS NO ANO 2016

Obras en igrexas

Igrexa San Xoán de Torés	9.000,00 €
Igrexa Santa María de Rao	4.500,00 €
Igrexa Santa María de Teixeira	4.800,00 €
Igrexa Santa Mariña de Librán	4.000,00 €
Igrexa San Xosé de Oural	13.800,00 €
Igrexa de San Salvador de Vilanuñe	7.000,00 €
Igrexa San Salvador de Mosteiro	10.000,00 €
Igrexa San Xoan do Campo	4.000,00 €
Igrexa San Martiño de Condes	3.600,00 €
Igrexa San Mamede de Vilasouto	10.000,00 €
San Lourenzo de Albeiros	4.500,00 €
Igrexa Santo Estevo de Refoxos	3.500,00 €
Igrexa de Santalla de Piquín	22.200,00 €
Igrexa San Martiño de Ponteferreira (Convenio Mixto)	70.000,00 €
Igrexa San Salvador de Laro	3.500,00 €
Igrexa San Cipriano de Montedemeda	4.500,00 €
Igrexa San Paio de Figueiroa	2.000,00 €
Capela de San Roque de Vilar (Vilamor)	2.500,00 €
Igrexa Santa María Magdalena de A Seara	2.000,00 €
Igrexa San Martiño de Bascós	500,00 €
Igrexa Santa María de Xaxán	3.500,00 €
Igrexa San Mariño de Cotá	8.000,00 €
Igrexa Santiago de Lebozán	12.000,00 €
Igrexa Santa Eulalia de Pradeda	11.000,00 €
Igrexa Santiago de Trasmonte	2.000,00 €

Igrexa San Fiz de Asma	4.400,00 €
Igrexa Santa María de Nogueira	11.800,00 €
Igrexa Santa María de Olveda	3.500,00 €
Igrexa San Xoan de Noceda	14.000,00 €
Igrexa Nosa Señora do Rosario de Sarria	14.000,00 €
Igrexa San Miguel de Monseiro	5.500,00 €
Igrexa Santa Comba de Villapún	3.000,00 €

Obras en reitorais

Santa María de Guillar	4.300,00 €
San Xoan de Botos	2.000,00 €
Santa María de Vilariño	26.000,00 €
Pobra de San Xillao	2.700,00 €
San Pedro de Lugo (piso)	18.000,00 €
Santa María de Vilar de Sarria	1.400,00 €
Santa Cristina de Areas	15.570,00 €
Santa María de Bóveda de Lugo	38.000,00 €

NOTICIAS VARIAS

XANEIRO

Comunicado

Con motivo do nomeamento do sacerdote José Ramón Pérez García como administrador para as parroquias de San Martín de Quiroga, San Clodio de Ribas de Sil e unidas, e xa que logo o seu cese nas parroquias da zona de Friol e Guitiriz, a Diocese de Lugo manifesta o seguinte:

Agradece as expresións de afecto manifestadas por persoas e institucións ao sacerdote José Ramón Pérez García, mostra de agradecemento e agarimo polo bo traballo realizado durante o tempo que estivo nestas parroquias.

Logo dun longo proceso de discernimento e diálogo coas persoas implicadas nos respectivos nomeamentos realizados na nosa Diocese, tomáronse as decisións oportunas pensando sempre no ben das comunidades parroquiais e dos propios sacerdotes.

A todos os implicados nos novos nomeamentos fíxoselles unha proposta dos seus destinos que aceptaron voluntariamente, polo que sería erróneo pensar nalgún tipo de imposición ou coacción.

Dada a extensión da Diocese de Lugo, con 1139 parroquias, é necesario pensar, cada vez máis, nunha distribución racional do clero, para que todos os fieis estean coidados pastoralmente do mellor xeito posible.

Os fieis da zona de Friol e Guitiriz non quedan de ningún xeito desatendidos pastoralmente xa que para as mesmas parroquias que rexentaba José Ramón Pérez García, envíase a José Luis González Regueiro, sacerdote moi respectado, preparado e capacitado para atendelos en todas as súas necesidades.

Celebración ecuménica

Por cuarto ano consecutivo, ortodoxos, evanxélicos e católicos da cidade de Lugo compartiron unha celebración ecuménica, o domingo 29 ás 17.30 h na igrexa da Nova. A continuación, a comunidade evanxélica invitou a un chocolate nas súas instalacións da R/ Emilia Pardo Bazán, en San Roque.

Estas celebracións eran algo inédito na nosa cidade ata fai poucos anos e, desde que se celebran, teñen moi boa acollida entre as comunidades cristiás.

Este encontro do domingo prodúcese dentro da Semana Internacional de Oración pola Unidade dos Cristiáns e baixo o lema: *Reconciliación, o amor de Cristo aprémanos*.

FEBREIRO

XXXI Xornadas Abertas de Teoloxía de Lugo

O cristián ante o Islam. Unha mirada desde a historia e os desafíos do presente

A Diocese de Lugo, a través do Instituto Teolóxico Lucense, o ISCR San Dámaso e o Seminario Diocesano, organizou as XXXI Xornadas Abertas de Teoloxía, do 20 ao 22 de febreiro no Salón Rexio do Círculo das Artes.

A proposta da presente edición abordou a relación entre Cristianismo e Islam, sobre todo tendo presente a situación de moitas comunidades cristiás fortemente probadas pola persecución ou con dificultades para vivir a súa fe en contextos musulmáns.

Trátase dun tema de actualidade, cada certo tempo noticia a causa de atentados violentos, persecucións, que chegan mesturadas con outras posicións que emerxen desde a fe musulmá chamando á paz e á convivencia. As Xornadas pretenden ofrecer luz ante este horizonte.

A primeira das conferencias, o martes día 20, correspondeu ao profesor Serafín Fanjul (Madrid, 1945), Doutor en Filosofía e Letras (especiali-

dade Filoloxía semítica) e licenciado en Historia de América. É membro da Real Academia de Historia e Catedrático de Literatura Árabe na Universidade Autónoma de Madrid. No seu relatorio abordou o tema da harmonía das Tres Culturas, considerándoa «unha invención europea». Achegou aos asistentes á realidade da coexistencia do Cristianismo co Islam e o Xudaísmo na nosa historia. Foi unha primeira aproximación ao tema por vía histórica, da cal poderanse extraer elementos para unha posición actual ante a relación co Islam.



O Padre xesuíta expicio Samir Khalil Samir sj (O Cairo, 1938), filósofo, teólogo, orientalista, islamista e estudoso das linguas semíticas. É profesor na Universidade San José de Beirut e no Pontificio Instituto Oriental de Roma. Na súa intervención, baixo o título «O Islam como desafío hoxe», afondou en todas as cuestións que, tanto sobre a historia como sobre a realidade mesma do Islam e o seu desenvolvemento actual estaban na preocupación dos asistentes.

Enumerou coincidencias e diverxencias do Cristianismo co Islam, falou do fundamentalismo dentro do Islam e sobre a actitude que se debe adoptar na relación co Islam. A conferencia foi pronunciada en italiano, con tradución simultánea por escrito nunha pantalla. No diálogo posterior cos asistentes fíxose a tradución en directo desde a mesa.

Pechou as Xornadas, o mércores día 22, o Arcebispo presidente da Comisión Episcopal de Relacións Interconfesionais da Conferencia Episcopal Española, Mons. Javier Martínez. O actual Arcebispo de Granada é Licenciado en Teoloxía Bíblica e Doutor en Filosofía e Linguas Semíticas. Titulouse o seu relatorio «Algunhas dificultades do diálogo interreligioso».

Co tema proposto nestas Xornadas pretendíase que os participantes saísen cunha opinión máis exacta sobre a relación Cristianismo-Islam, desenvolvendo así a invitación do Concilio Vaticano II, que recoñecendo con aprecio as bondades da tradición relixiosa musulmá, invitaba a cristiáns e musulmáns á comprensión mutua, á defensa da xustiza, a paz e a liberdade para todas as persoas (Cf. Concilio Vaticano II, Declaración *Nostra Aetate*, 3). No pasado e na actualidade esta relación e colaboración polo ben común está atravesada de dificultades. Unha mirada documentada e autorizada, como a que propuxeron as conferencias desta edición, pode contribuír a unha posición máis consciente e construtiva cara ao futuro.

Pregón da Novena da Graza na parroquia de San Francisco Xavier de Lugo

O 26 de febreiro tivo lugar o pregón da Novena a cargo do párroco da Milagrosa, José Antonio Ferreiro.

Neste mesmo acto celebrouse tamén o Día de Hispanoamérica: ao finalizar a Misa houbo unha exposición de cultura latinoamericana.

E do 4 ao 12 de marzo, celebrouse a Novena da Graza nesta parroquia de San Francisco Xavier. O predicador foi o misioneiro do Instituto Español de Misións Estranxeiras Luis Miguel Avilés, que estivo en Tailandia.

Actos especiais foron: Unción de enfermos (8 de marzo); Procesión de Fachos (día 11 de marzo, dedicado á Virxe); procesión desde o barrio de Montirón (día 12 de marzo).

MARZO

Presentación da Semana Santa de Lugo 2017

O 29 de marzo presentouse no Bispado de Lugo o programa e cartel da Semana Santa deste ano que comezaría o venres, 31 de marzo, co pregón a cargo da xornalista, Pilar Falcón Osorio, ás 20.30 h na igrexa de Santiago «A Nova» de Lugo

No acto de presentación estiveron presentes o Vicario Xeral da Diocese, Mario Vázquez Carballo, a concelleira Carmen Basanta, o deputado provincial Eduardo Vidal e o coordinador da Xunta de Confrarías da cidade, Ramón Basanta.

Este último fixo un percorrido polos actos da Semana Santa, destacando que hai procesións todos os días, desde o Venres de Dores ata o Domingo de Resurrección.

O cartel da Semana Santa deste ano é, de novo, obra do fotógrafo lucense Eduardo Ochoa. Este ano as oficinas de turismo poñen á venda postais con imaxes da Semana Santa lucense.




ABRIL

Celebración da Misa Crismal

O mércores 12 de abril, ás 11 h na Catedral de Lugo, o Bispo Mons. Carrasco Rouco, presidiu a Misa Crismal, na que concelebraron os sacerdotes da Diocese.

Nesta celebración, que manifesta a comunión do Bispo cos seus presbíteros, bendinse os óleos que despois se reparten ás parroquias da Diocese para a administración dos sacramentos ao longo do ano.



Celebracións de Semana Santa na Catedral

Xoves Santo

Presidida polo Bispo da Diocese, onde se fai memoria da Santa Cea coa institución da Eucaristía e do sacerdocio. O lavatorio dos pés recorda que El anticipou o sacrificio supremo do Calvario, e deixounos como nova lei o seu amor.

Venres Santo

Sermón das Sete Palabras. Acto de piedade que comenta as palabras de Cristo na Cruz. Predicou o delegado de mocidade da Diocese, José Antonio Adrio, acompañado de mozos da Delegación.

Celebración da Paixón do Señor, presidida polo Bispo da Diocese, Mons. Alfonso Carrasco.

Sábado Santo

Solemne Vixilia Pascual, presidida polo Sr. Bispo. Logo de bendicir o Lume Novo, acéndese o Cirio Pascual, símbolo de Cristo que ilumina a todo home, e resoa xubiloso o gran anuncio da Resurrección.

Domingo de Resurrección

Procesión do Santo Encontro e a continuación Solemne Misa Pontifical de Resurrección. Mons. Carrasco Rouco presidiu esta Eucaristía. Asistiron autoridades civís e eclesiais e unha representación das confrarías; ao finalizar impartíuse a Bendición Papal.

Procesión do Cristo Resucitado (trala Eucaristía).

Obispos de Galicia



- Nota de los obispos de la Provincia Eclesiástica de Santiago ante la solemnidad de San José
- Nota dos bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago ante a solemnidade de San Xosé
- Carta Pastoral de los obispos de la Provincia Eclesiástica de Galicia con motivo de la Jornada Interdiocesana de Enseñanza Religiosa Escolar 2017
- Carta Pastoral dos bispos da Provincia Eclesiástica de Galicia con motivo da Xornada Interdiocesana de Ensinanza Relixiosa Escolar 2017

NOTA DE LOS OBISPOS DE LA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE SANTIAGO ANTE LA SOLEMNIDAD DE SAN JOSÉ

La persona y la vida de San José tienen en la historia de nuestra salvación una importancia que ha sido reconocida siempre por la sagrada Liturgia y las leyes canónicas al proponer su fiesta como día de precepto (cf. canon 1246). Tradicionalmente el pueblo cristiano ha secundado esta norma dando un significativo realce familiar y social a la fiesta del 19 de marzo.

Atendiendo a que el 19 de marzo de este año coincide en domingo, la Conferencia Episcopal Española ha decidido trasladar al lunes 20 de marzo, la festividad litúrgica de San José. A pesar de ser laborable este día en la Comunidad Autónoma de Galicia, los Obispos de la Provincia Eclesiástica de Santiago hemos acordado mantener en las Diócesis respectivas el carácter festivo de este día.

En consecuencia, y para conocimiento de los fieles, disponemos:

1. Mantener el 20 de marzo, solemnidad de San José, como **fiesta de precepto, con la obligación de participar en la Santa Misa**, aunque sea laboralmente hábil.

2. Aquellos fieles que tengan jornada laboral ordinaria quedan **dispensados del precepto**, aunque se les pide y recomienda vivamente la participación en la Eucaristía de ese día de fiesta dedicado a San José, Esposo de la Virgen.

3. Pedir, igualmente, a los párrocos y rectores de iglesias que **informen a los fieles con antelación de estas decisiones y acomoden en lo posible los horarios de misas** a las posibilidades y necesidades de los fieles.

4. Siguiendo el calendario litúrgico, la Solemnidad de San José se celebrará únicamente a lo largo del día 20 de marzo.

5. Por razones pastorales, la oración y la colecta para el Seminario Diocesano se trasladan a la **tarde del sábado, día 18**, y al **domingo, día 19 de marzo**.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017.

+ Julián, Arzobispo de Santiago.

+ Luis, Obispo de Tui-Vigo.

+ Alfonso, Obispo de Lugo.

+ José Leonardo, Obispo de Ourense.

+ Luis Ángel cmf, Obispo de Mondoñedo-Ferrol.

+ Jesús, Obispo Auxiliar de Santiago.

NOTA DOS BISPOS DA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE SANTIAGO ANTE A SOLEMNIDADE DE SAN XOSÉ

A persoa e a vida de San José teñen na historia da nosa salvación unha importancia que foi recoñecida sempre pola sagrada Liturxia e as leis canónicas ao propoñer a súa festa como día de precepto (cf. canon 1246). Tradicionalmente o pobo cristián secundou esta norma dando un significativo realce familiar e social á festa do 19 de marzo.

Atendendo a que o 19 de marzo deste ano coincide en domingo, a Conferencia Episcopal Española decidiu trasladar ao luns 20 de marzo, a festividade litúrxica de San José. A pesar de ser laborable este día na Comunidade Autónoma de Galicia, os Bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago acordamos manter nas Dioceses respectivas o carácter festivo deste día.

En consecuencia, e para coñecemento dos fieis, dispoñemos:

1. Manter o 20 de marzo, solemnidade de San Xosé, como **festa de precepto, coa obrigación de participar na Santa Misa**, aínda que sexa laboralmente hábil.

2. Aqueles fieis que teñan xornada laboral ordinaria quedan **dispensados do precepto**, aínda que se lles pide e recomenda vivamente a participación na Eucaristía dese día de festa dedicado a San Xosé, Esposo da Virxe.

3. Pedir, igualmente, aos párrocos e reitores de igrexas que **informen os fieis con antelación destas decisións e acomoden no posible os horarios de misas** ás posibilidades e necesidades dos fieis.

4. Seguindo o calendario litúrxico, a Solemnidade de San José celebrárase unicamente ao longo do día 20 de marzo.

5. Por razóns pastorais, a oración e a colecta para o Seminario Diocesano trasládanse á tarde do **sábado, día 18**, e ao **domingo, día 19 de marzo**.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017.

+ Julián, Arcebispo de Santiago.

+ Luis, Bispo de Tui-Vigo.

+ Alfonso, Bispo de Lugo.

+ José Leonardo, Bispo de Ourense.

+ Luis Ángel cmf, Bispo de Mondoñedo-Ferrol.

+ Jesús, Bispo Auxiliar de Santiago.

CARTA PASTORAL DE LOS OBISPOS DE LA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE GALICIA CON MOTIVO DE LA JORNADA INTERDIOCESANA DE ENSEÑANZA RELIGIOSA ESCOLAR 2017

Queridos padres y madres:

1.- Estamos seguros de que una de vuestras mayores preocupaciones es la educación de vuestros hijos e hijas. En ella ponéis todo vuestro empeño y esfuerzo en unos momentos llenos retos y dificultades.

2.- En esta situación los centros educativos juegan un papel importante de cara a lograr una educación de calidad.

3.- Para ayudaros a lograr esa educación, os pedimos que no os olvidéis de solicitar para ellos la Enseñanza Religiosa. Si se pretende una formación integral de la persona, la educación no puede prescindir de la dimensión religiosa que es constitutiva de todo ser humano.

4.- La presencia de la Enseñanza religiosa en los centros educativos es un derecho y un deber que tenéis vosotros, los padres, reconocido en la Constitución, y que todas las autoridades educativas deben garantizaros para que podáis optar por ella con plena libertad evitando toda discriminación y en igualdad de trato que el resto de las demás asignaturas.

5.- La Enseñanza Religiosa ayudará a vuestros hijos e hijas a conocer mejor y profundizar en el mensaje de Jesús; a reflexionar sobre los criterios, valores y actitudes que permiten dar pleno sentido de la vida, del mundo y de la historia; a crecer en inteligencia de la Palabra de Dios para

encontrar en ella la luz que les ilumine a la hora de formar su personalidad e insertarse en medio de la sociedad; a comprender la propia tradición religiosa, en la que han nacido y a conocer el sentido religioso de nuestra cultura llena de costumbres, fiestas, ritos y modos de vida impregnados por el cristianismo; capacitarles para un diálogo entre fe y cultura en un mundo cada vez más pluricultural y plurireligioso.

6.- Sin duda queréis que progresen en el conocimiento de matemáticas, sociales o literatura. Pero no permitáis que vuestros hijos crezcan sin una cultura y formación religiosa. Estad seguros de que en ella encontrarán conocimientos y valores que les ayudarán a ser buenas personas. La religión no hace daño a nadie, al contrario, nos ayuda a ver la vida y actuar en ella con sentido de verdad, justicia y solidaridad.

7.- La Iglesia se pone a vuestro servicio para alcanzar esa formación religiosa que, sin duda, será un gran bien para vuestros hijos e hijas. No os dejéis llevar por esas opiniones de la mal llamada modernidad que proclaman que la Religión no tiene valor ni sentido

8.- Por tanto, esta es nuestra petición: Sed conscientes de vuestra responsabilidad de padres creyentes y pensad en el bien de vuestros hijos. Pedid Enseñanza Religiosa Católica en todos los centros educativos.

9.- Esta solicitud ha de ser consecuencia lógica de vuestra condición de padres creyentes y de los compromisos adquiridos en el día de su bautismo. No solicitarla sería, sin duda, un contrasentido con esos compromisos.

10.- Queremos agradecer todo el esfuerzo que hacen los profesores de Religión y les pedimos que con su palabra y su testimonio transmitan a sus alumnos el mensaje de Jesús y les encaminen por los caminos de los valores del Evangelio.

11.- Que el Señor os ayude a todos los que colaboráis en una mejor educación humana y religiosa de la infancia y juventud.

Os saludan con todo afecto y bendicen en el Señor.

+ Julián, Arzobispo de Santiago.

+ Luis, Obispo de Tui-Vigo.

+ Alfonso, Obispo de Lugo.

+ José Leonardo, Obispo de Ourense.

+ Luis Ángel, cmf, Obispo de Mondoñedo-Ferrol.

+ Jesús, Obispo Auxiliar de Santiago.

CARTA PASTORAL DOS BISPOS DA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE GALICIA CON MOTIVO DA XORNADA INTERDIOCESANA DE ENSINANZA RELIXIOSA ESCOLAR 2017

Queridos pais e nais:

1.- Estamos seguros de que unha das vosas maiores preocupacións é a educación dos vosos fillos e fillas. Nela poñedes todo o voso empeño e esforzo nuns momentos cheos retos e dificultades.

2.- Nesta situación os centros educativos xogan un papel importante para lograr unha educación de calidade.

3.- Para axudarvos a lograr esa educación, pedímosvos que non vos esquezades de solicitar para eles o Ensino Relixioso. Se se pretende unha formación integral da persoa, a educación non pode prescindir da dimensión relixiosa que é constitutiva de todo ser humano.

4.- A presenza do Ensino relixioso nos centros educativos é un dereito e un deber que tedes vós, os pais, recoñecido na Constitución, e que todas as autoridades educativas deben garantirvos para que poidades optar por ela con plena liberdade evitando toda discriminación e en igualdade de trato que o resto das demais materias.

5.- O Ensino Relixioso axudará aos vosos fillos e fillas a coñecer mellor e profundar na mensaxe de Xesús; a reflexionar sobre os criterios, valores e actitudes que permiten dar pleno sentido da vida, do mundo e da historia; a crecer en intelixencia da Palabra de Deus para atopar nela a luz

que lles ilumine á hora de formar a súa personalidade e inserirse no medio da sociedade; a comprender a propia tradición relixiosa, na que naceron e a coñecer o sentido relixioso da nosa cultura chea de costumes, festas, ritos e modos de vida impregnados polo cristianismo; capacitalles para un diálogo entre fe e cultura nun mundo cada vez máis pluricultural e plurirelixioso.

6.- Sen dúbida queredes que progresen no coñecemento de matemáticas, sociais ou literatura. Pero non permitades que os vosos fillos crezan sen unha cultura e formación relixiosa. Estade seguros de que nela atoparán coñecementos e valores que lles axudarán a ser boas persoas. A relixión non fai dano a ninguén, ao contrario, axúdanos a ver a vida e actuar nela con sentido de verdade, xustiza e solidariedade.

7.- A Igrexa ponse ao voso servizo para alcanzar esa formación relixiosa que, sen dúbida, será un gran ben para os vosos fillos e fillas. Non vos deixedes levar por esas opinións da mal chamada modernidade que proclaman que a Relixión non ten valor nin sentido

8.- Por tanto, esta é a nosa petición: Sede conscientes da vosa responsabilidade de pais crentes e pensade no ben dos vosos fillos. Pedide Ensino Relixioso Católica en todos os centros educativos.

9.- Esta solicitude ha de ser consecuencia lóxica da vosa condición de pais crentes e dos compromisos adquiridos no día do seu bautismo. Non solicitala sería, sen dúbida, un contrasenso con eses compromisos.

10.- Queremos agradecer todo o esforzo que fan os profesores de Relixión e pedímoslles que coa súa palabra e o seu testemuño transmitan aos seus alumnos a mensaxe de Xesús e encamiñenlles polos camiños dos valores do Evanxeo.

11.- Que o Señor vos axude a todos os que colaborades nunha mellor educación humana e relixiosa da infancia e mocidade.

Saúdanvos con todo afecto e bendín no Señor.

+ Julián, Arcebispo de Santiago.

+ Luis, Bispo de Tui-Vigo.

+ Alfonso, Bispo de Lugo.

+ José Leonardo, Bispo de Ourense.

+ Luis Ángel, cmf, Bispo de Mondoñedo-Ferrol.

+ Jesús, Bispo Auxiliar de Santiago.

- Cuestionario sobre uso y práctica del canto y la música en las diócesis

CUESTIONARIO SOBRE USO Y PRÁCTICA DEL CANTO Y LA MÚSICA EN LAS DIÓCESIS

El secretariado de la Comisión Episcopal de Liturgia está difundiendo un cuestionario sobre el uso y la práctica del canto y la música en las diócesis españolas. Su objetivo es llegar a sacerdotes, religiosos y laicos, coros parroquiales, directores de coro, músicos, equipos de animación litúrgica y todas aquellas personas involucradas en la pastoral del canto y la música con el fin de conocer su parecer sobre el estado de la música en las diócesis españolas. El tiempo estimado para completar el cuestionario es de 10 minutos y la fecha límite para hacerlo es el día 1 de septiembre.

El secretariado de la Comisión Episcopal de Liturgia ha puesto en marcha este proyecto coincidiendo con el 50 aniversario de la instrucción de la Congregación del Culto Divino *Musicam Sacram* (5 de marzo de 1967). En este contexto, las próximas Jornadas Nacionales de Liturgia, que tendrán lugar del 17 al 20 de octubre en Santander, estarán dedicadas a la música y el canto litúrgico en la celebración y será donde se den a conocer los resultados de esta encuesta. Las respuestas proporcionarán material valioso y de primera mano para orientar los pasos a dar en la promoción y renovación del canto y la música en las diócesis españolas.

El enlace en la página web de la Conferencia Episcopal es:

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdVK8NfGv1k6UnYlaUk2Inia_dBhpniLVgXIEdEa9bOECsuLw/viewform#responses

